

Acta Reunión Extraordinaria Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 14 de maio de 2019

Hora: 10:05

Lugar: Sala de Xuntas 3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Julia González Álvarez

David López Vilariño

Anuska Mosquera Corral

Francisco Omil Prieto

José Varela Pet

M^a Carmen Palacios Oubiña

Ausencia Xustificada: David Losada Carril, José Ramón Ríos Viqueira

Puntos a tratar:

1. Aprobación da memoria anual do Centro.
2. Análise da Normativa de Autoría de Traballos Prácticos.

Previo ao comezo da xuntanza, o Director quere transmitir os seus parabéns á Coordinadora do Grao en Enxeñaría Química pola aparición desta titulación no cuarto posto do ranking “50 carreras” (edición 2019/2020) do diario El Mundo, na categoría de Enxeñaría Química.

1. Aprobación da memoria anual do Centro.

Coa convocatoria desta reunión achegouse a última versión da memoria, referida ao curso 2017-2018. Ao marxe da corrección das erratas detectadas, este novo documento incorpora unicamente algúns cambios de formato. Logo de que o Director lembre con brevidade a súa estrutura, a memoria queda aprobada por asentimento. O seguinte paso será o envío do documento á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC para a súa verificación. De non precisar modificacións substanciais, finalmente haberá de ser levado a Xunta de Escola para a súa aprobación definitiva.

2. Análise da Normativa de Autoría de Traballos Prácticos.

O Director sinala que a normativa vixente na ETSE data do ano 2006, aínda que foi lixeiramente retocada en 2012. Nos últimos cursos recibíronse diversos comentarios que fan aconsellable desenvolver unha normativa actualizada que debería centrarse en tres aspectos: a definición precisa de que é o que se considera plaxio, a estipulación dunhas directrices de uso da ferramenta anti-plaxio corporativa (Turnitin) e o deseño dun novo procedemento máis garantista que inclúa un paso de alegacións para os estudantes.

Con este obxectivo, o Director propón que se estableza un grupo de traballo seguindo unha destas dúas posibilidades para a súa conformación: que estea baseado no equipo de coordinadores e dirección, ou ben que sexa constituído un equipo externo composto por dous PDI do ámbito da Enxeñaría Química e outros dos do eido da Enxeñaría Informática.

A profesora Julia González considera que, no que respecta ao uso do Turnitin, tanto os TFGs como os TFMs deben someterse exactamente ao mesmo criterio, o cal debe ser aplicado por cada tribunal e non polas comisións. O profesor Francisco Omil incide na importancia de non limitarse ao número que proporciona a

ferramenta e na necesidade de dispoñer dunhas claras instrucións de uso. A profesora González recomenda que só se suba a versión definitiva dos traballos á base de datos, pois o Turnitin deixa esta decisión nas mans dos usuarios. O profesor Omil resalta que, en todo caso, no grupo de traballo debería figurar un experto no manexo da ferramenta anti-plaxio.

O Director inclínase pola opción de constituír un grupo de traballo externo , encargando aos coordinadores do GrEQ e do GrEI establecer os contactos necesarios co PDI. A profesora Anuska Mosquera apunta que a Directora da Biblioteca está a desenvolver un curso de uso da plataforma Turnitin na Facultade de Química e que estaría ben que puidera reproducirse na ETSE. O Director falará con ela para tratar de materializar esta posibilidade.

Fóra da orde do día, o Director aproveita para tratar sucintamente dúas cuestións adicionais. Por unha banda, pide aos coordinadores das titulacións de grao que, de cara á próxima aprobación dos programas das materias para o vindeiro curso, contacten cos respectivos directores de departamento para sincronizar o traballo de revisión. Pola outra, indica que no prazo dun mes celebrárase unha nova reunión e avanza o traballo que a Comisión de Calidade haberá de afrontar: revisión dos procesos do manual, actualización do Plano Executivo de Calidade (PEC) e elaboración da guía de estudantes para o próximo curso.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 10:40 h.